

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro      | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15006754 | Ferrolterra | Ferrol   | 2023/2024     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional                  | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo   | Grao                            | Réxime                 |
|-------------------------------|--------------------------------------|---------------------------|---|---------------------------------|------------------------|
| TMV                           | Transporte e mantemento de vehículos | CMTMV07                   | Mantemento de estruturas de madeira e moblaxe de embarcacións de recreo | Ciclos formativos de grao medio | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                                   | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0539       | Solucións construtivas                 | 2023/2024 | 6                | 187          | 187            |
| MP0539_12    | Solucións en fabricación e instalación | 2023/2024 | 6                | 63           | 63             |
| MP0539_22    | Deseño e patróns                       | 2023/2024 | 6                | 124          | 124            |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                     |
|--------------------------------|---------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ANTONIO MARTÍN PEÑA |
| Outro profesorado              |                     |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenvolvemento curricular deste módulo fíxose tomando referencia as condicións do CIFP A Xunqueira de Pontevedra.

Para o deseño desta programación didáctica tivéronse en conta, fundamentalmente, os seguintes parámetros de contexto:

- Alumnado e profesorado

O alumnado proven, maioritariamente, da Ensinanza Secundaria Obligatoria, Formación Profesional Básica, aínda que tamén pode haber alumnado que accede o ciclo mediante proba, e en menor medida, é posible, que haxa alumnos/as que teñan experiencia laboral no sector.

O profesorado do departamento de Madeira e Moble, está composto por profesorado de ensino secundario e profesorado técnico.

Profesorado que imparte o módulo

Rexime ordinario:

Profesor: Antonio Martin Peña

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función produtiva aplicada aos procesos de preparación, mecanizado, montaxe e acabamento.

Esta función abrangue aspectos como:

- Interpretación de documentación gráfica necesaria para o proceso de fabricación e instalación.
- Abastecemento de accesorios e complementos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Definición de solucións construtivas, de fabricación e de instalación.
- Representación de elementos e conxuntos de carpintería e moble.
- Elaboración de listas de pezas para a fabricación e a instalación.
- Representación e elaboración de patróns para a fabricación de elementos complexos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

- a) Determinar procesos de fabricación, interpretando información técnica incluída en planos, normas e catálogos.
- c) Participar na planificación de instalacións, compilando información e elaborando documentación técnica.
- d) Facer a implantación de instalacións, interpretando documentación técnica e comprobando medidas e niveis.
- f) Instalar moblaxe, montando elementos en función do produto e das condicións de instalación.
- g) Instalar elementos de carpintería e colocalos en función do produto e das condicións de instalación.
- h) Instalar estruturas de madeira e fixar os seus elementos de acordo coa documentación técnica.

- i) Seleccionar e xuntar materiais, accesorios e produtos de entrada e saída no almacén, de acordo coas especificacións establecidas.
- k) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e or-organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos cos recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e coas tecnoloxías da comunicación e da información.
- l) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no ámbito do traballo.
- m) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.
- n) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- ñ) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contorno laboral e ambiental.
- o) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título   | Descrición  | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|---|--------------------|----------|
| 1    | Normas e procedementos de bosquejos e esbozos              | Interpretación da normativa de bosquejos, aplicacións prácticas con elementos de carpintaría e moble  | 40                 | 15       |
| 2    | Representación gráfica de elementos de carpintaría e moble | Sistemas de representación, emprego, descrición e representación gráfica de elementos de carpintaría e moble, aplicacións prácticas de representación de elementos de carpintaría e moble no sistema diédrico | 23                 | 15       |
| 3    | Debuxo xeométrico  | Debuxo de elementos de xeometría aplicados a carpintaría e moble  | 18                 | 5        |
| 4    | Solucións constructivas con deseño asistido por ordenador  | Realizar solucións construtivas de carpintaría e moble con programa de deseño asistido por ordenador  | 48                 | 30       |
| 5    | Lista de materiais, valoracións e presupostos              | Normas de elaboración de listaxe de materiais, valoración e presuposto de elementos de carpintaría e moble 2D, de conxuntos de carpintaría e moble, seccións, detalles, cotación, listas de despece, planos   | 18                 | 5        |
| 6    | Patróns e pezas especiais                                  | Normas e aplicación de elaboración de patróns e pezas especiais   | 10                 | 5        |
| 7    | Proxecto de carpintaría i/ou moble                         | Proxecto a realizar a final de curso, elaboración da documentación técnica dun proxecto   | 30                 | 25       |

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                                  | Duración |
|-----|---|----------|
| 1   | Normas e procedementos de bosquexos e esbozos | 40       |

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Elabora bosquexos e esbozos de elementos e produtos de carpintaría e moble, e proporciona solucións a requisitos establecidos. | SI       |

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.1 Seleccionouse o sistema de representación gráfica para amosar a solución construtiva.                                |
| CA1.2 Preparáronse os instrumentos de representación e os soportes necesarios.   |
| CA1.3 Elaborouse o esbozo seguindo as normas de representación gráfica.  |
| CA1.4 Representouse no esbozo a forma, as dimensións (cotas, tolerancias, etc.), os elementos normalizados e os materiais. |
| CA1.5 Comprobouse a funcionalidade da solución.  |
| CA1.6 Valorouse a estética da solución adoptada.   |
| CA1.7 Valorouse a proporcionalidade e o detalle do esbozo.   |
| CA1.8 Comprobouse que o dimensionamento da solución se adapte aos requisitos de resistencia e espazo.                      |
| CA1.9 Comprobouse a factibilidade de execución da solución.  |
| CA1.10 Tivéronse en conta criterios de eficiencia ecolóxica.   |

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.         |
| CA1.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA1.13 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.                                     |
| CA1.14 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.              |
| CA1.15 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.                   |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos                             |
|--------------------------------------|
| Sistemas de representación gráfica.  |
| Instrumentos de debuxo a man alzada. |
| Normas de cotación.                  |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD   | Duración |
|-----|--|----------|
| 2   | Representación gráfica de elementos de carpintería e moble | 23       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Define solucións de fabricación e instalación de carpintería e moble, e xustifica as características dimensionais e técnicas establecidas. | SI       |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA2.1 Compiláronse os datos de partida.  |
| CA2.2 Comprobase que a funcionalidade da solución adoptada cumpra co uso previsto.                                   |
| CA2.3 Consideráronse os esforzos e as solicitudes a que se vaia someter o elemento ou o conxunto.                    |
| CA2.4 Comprobáronse as condicións e as limitacións do emprazamento.  |
| CA2.5 Valoráronse as posibilidades de acceso ao lugar e as dimensións máximas dos elementos.                         |
| CA2.6 Identificáronse os materiais e os produtos necesarios.   |
| CA2.7 Prevíronse os recursos humanos necesarios.   |
| CA2.8 Prevíronse os medios de fabricación e instalación requiridos.  |
| CA2.9 Tivéronse en conta criterios de eficiencia ecolóxica para a elección dos materiais, os produtos e os procesos. |
| CA2.10 Elaboráronse follas de medición e valoración.   |
| CA2.11 Manexáronse programas informáticos para a elaboración de follas de medición, valoración e orzamento.          |
| CA2.12 Tívoise en conta o custo de fabricación ou instalación.   |
| CA2.13 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.                              |
| CA2.14 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.                      |
| CA2.15 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.  |
| CA2.16 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.                                   |
| CA2.17 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos   |

**4.2.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Sistemas construtivos.                           |
| Definición de mobles e elementos de carpintaría. |
| Determinación de materiais e compoñentes.        |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD      | Duración |
|-----|-------------------|----------|
| 3   | Debuxo xeométrico | 18       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Debuxa planos de elementos de carpintaría e moble aplicando normas de representación e utilizando programas de deseño. | NO       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Seleccionáronse os utensilios, os soportes e os formatos máis adecuados para a realización dos planos.  |
| CA1.2 Utilizáronse axeitadamente os utensilios de debuxo para o trazado de liñas, ángulos e construcións xeométricas sinxelas.  |
| CA1.3 Representáronse os trazados xeométricos elementais (triángulos, cuadriláteros, polígonos regulares, etc.), tanxencias e enlaces, molduras, e curvas cónicas e técnicas. |
| CA1.5 Representáronse os elementos de detalle suficientes (cortes, seccións, etc.).   |
| CA1.9 Utilizáronse escalas e formatos normalizados.   |
| CA1.12 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.   |

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.13 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.  |
| CA1.14 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos, e estes presentáronse debidamente pregados e encadernados.   |
| CA1.15 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.   |
| CA1.16 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.  |
| CA1.17 Demostrouse destreza na execución dos planos.   |
| CA1.18 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e a comprensión do debuxo. |

#### 4.3.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Normas de representación de debuxo técnico.                 |
| Representación gráfica de elementos de carpintería e moble. |

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD  | Duración |
|-----|---|----------|
| 4   | Solucións constructivas con deseño asistido por ordenador | 48       |

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Debuxa planos de elementos de carpintería e moble aplicando normas de representación e utilizando programas de deseño. | NO       |



**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Seleccionáronse os utensilios, os soportes e os formatos máis adecuados para a realización dos planos.  |
| CA1.2 Utilizáronse axeitadamente os utensilios de debuxo para o trazado de liñas, ángulos e construcións xeométricas sinxelas.  |
| CA1.3 Representáronse os trazados xeométricos elementais (triángulos, cuadriláteros, polígonos regulares, etc.), tanxencias e enlaces, molduras, e curvas cónicas e técnicas. |
| CA1.5 Representáronse os elementos de detalle suficientes (cortes, seccións, etc.).   |
| CA1.6 Representáronse elementos de carpintería e moble.   |
| CA1.7 Puxéronse as cotas de acordo coas normas e con claridade.   |
| CA1.8 Incorporáronse indicacións e lendas.  |
| CA1.9 Utilizáronse escalas e formatos normalizados.   |
| CA1.10 Identificouse o plano coa súa información característica.  |
| CA1.11 Manexáronse programas de deseño asistido por computador.   |
| CA1.12 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.   |
| CA1.13 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.   |
| CA1.14 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos, e estes presentáronse debidamente pregados e encadernados.  |
| CA1.15 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.  |
| CA1.16 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.   |
| CA1.17 Demostrouse destreza na execución dos planos.  |
| CA1.18 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e a comprensión do debuxo.                |

**4.4.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Normas de representación de debuxo técnico.                 |
| Representación gráfica de elementos de carpintería e moble. |
| Deseño asistido por computador en dúas dimensións.          |

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                                  | Duración |
|-----|---|----------|
| 5   | Lista de materiais, valoracións e presupostos | 18       |

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Elabora listas de materiais para fabricación e/ou instalación de carpintería e moble, para o que identifica pezas, compoñentes e accesorios. | SI       |

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA2.1 Identifícase a totalidade do conxunto obxecto de actuación.                  |
| CA2.2 Valoráronse as posibilidades de elementos compatibles existentes no mercado. |
| CA2.3 Aplícase un criterio de referencia.  |
| CA2.4 Clasifícanse as referencias en función do seu material e do proceso.         |
| CA2.5 Determináronse as dimensións en bruto de cada material.                      |
| CA2.6 Aplícanse as técnicas e os procedementos requiridos.                         |

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA2.7 Manexáronse programas informáticos para a elaboración de listas de materiais.            |
| CA2.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.         |
| CA2.9 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA2.10 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.                                    |
| CA2.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.             |
| CA2.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.                  |

#### 4.5.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Diferenciación entre materia prima, peza, subconxunto e conxunto. |
| Referencia de materiais: sistemas.                                |
| Ferramentas de informática aplicada.                              |

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD              | Duración |
|-----|---------------------------|----------|
| 6   | Patrons e pezas especiais | 10       |

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Representa patróns e pezas complexas para a fabricación e a instalación de carpintería e moble utilizando técnicas, materiais e procedementos establecidos. | SI       |

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.1 Identifícaronse as partes singulares do elemento que se vaia construír ou instalar.                         |
| CA3.2 Seleccionáronse os elementos para a toma de medidas de distancias e ángulos.                                |
| CA3.3 Seleccionouse o soporte para a elaboración do patrón.   |
| CA3.4 Debuxáronse patróns a escala natural.   |
| CA3.5 Comprobouse que o material se aproveite optimamente.  |
| CA3.6 Seleccionáronse os elementos adecuados para a fabricación do patrón.  |
| CA3.7 Realizáronse patróns dos elementos que o requiran.  |
| CA3.8 Respectáronse as normas de seguridade e saúde laboral.  |
| CA3.9 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.                            |
| CA3.10 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.                   |
| CA3.11 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos.   |
| CA3.12 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.                                |
| CA3.13 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.                                     |
| CA3.14 Cumpriuse a normativa de prevención e riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas. |

#### 4.6.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Pezas complexas (curvas, dobres ángulos, etc.). |

| Contidos                                    |
|---|
| Toma de datos (coordenadas, ángulos, etc.). |
| Sistemas de elaboración de patróns.         |

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                       | Duración |
|-----|------------------------------------|----------|
| 7   | Proxecto de carpintaría i/ou moble | 30       |

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Debuxa planos de elementos de carpintaría e moble aplicando normas de representación e utilizando programas de deseño.                       | SI       |
| RA2 - Elabora listas de materiais para fabricación e/ou instalación de carpintaría e moble, para o que identifica pezas, compoñentes e accesorios. | NO       |

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Selecciónáronse os utensilios, os soportes e os formatos máis adecuados para a realización dos planos.  |
| CA1.2 Utilizáronse axeitadamente os utensilios de debuxo para o trazado de liñas, ángulos e construcións xeométricas sinxelas.  |
| CA1.3 Representáronse os trazados xeométricos elementais (triángulos, cuadriláteros, polígonos regulares, etc.), tanxencias e enlaces, molduras, e curvas cónicas e técnicas. |
| CA1.4 Selecionouse o sistema de representación para empregar en dúas dimensións.  |
| CA1.5 Representáronse os elementos de detalle suficientes (cortes, seccións, etc.).   |
| CA1.6 Representáronse elementos de carpintaría e moble.   |
| CA1.7 Puxéronse as cotas de acordo coas normas e con claridade.   |

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.8 Incorporáronse indicacións e lendas.   |
| CA1.9 Utilizáronse escalas e formatos normalizados.  |
| CA1.10 Identificouse o plano coa súa información característica.   |
| CA1.11 Manexáronse programas de deseño asistido por computador.  |
| CA1.12 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas.  |
| CA1.13 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.  |
| CA1.14 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos, e estes presentáronse debidamente pregados e encadernados.   |
| CA1.15 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.   |
| CA1.16 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.  |
| CA1.17 Demostrouse destreza na execución dos planos.   |
| CA1.18 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e a comprensión do debuxo. |
| CA2.1 Identificouse a totalidade do conxunto obxecto de actuación.   |
| CA2.2 Valoráronse as posibilidades de elementos compatibles existentes no mercado.   |
| CA2.3 Aplícase un criterio de referencia.  |
| CA2.4 Clasifícanse as referencias en función do seu material e do proceso.   |
| CA2.5 Determináronse as dimensións en bruto de cada material.  |
| CA2.6 Aplícanse as técnicas e os procedementos requiridos.   |
| CA2.10 Aplícanse as normas de presentación dos traballos.  |

#### 4.7.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Normas de representación de debuxo técnico.                       |
| Representación gráfica de elementos de carpintería e moble.       |
| Deseño asistido por computador en dúas dimensións.                |
| Diferenciación entre materia prima, peza, subconxunto e conxunto. |
| Referencia de materiais: sistemas.                                |
| Ferramentas de informática aplicada.                              |

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para a superación do módulo debera acadarse unha nota de 5 puntos sobre 10, e será necesaria ter unha nota mínima de 3 puntos, en cada parte avaliable: probas de avaliación; caderno do alumno/a (traballos ou exercicios de entrega e cualificación); Autonomía, interese e actitude ante o módulo, organización, orde, limpeza, traballo individual e en equipo, emprego axeitado do material da aula e propio, para facer a media das calificacións.

Neste módulo haberá que realizar unha valoración individual das unidades didácticas xa que son independentes entre elas, polo que deberán estar aprobadas individualmente para unha valoración positiva final do módulo.

As probas a realizar polo alumnado serán escritas e baseadas nos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo.

Farase un seguimento diario do desenrolo das probas teórico - prácticas. Así como a resposta ante cuestións que se plantexen, na realización diaria dos traballos.

Deberán superar as probas de avaliación, propostas polo docente.

Para superar o módulo, os alumnos deberán ter aprobadas as tres avaliacións do curso.

Contemplarase un exame o final do curso, proba escrita, baseado na totalidade resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo, para aquel alumnado que non superen a avaliación continua.

Realizaranse:

Duas probas de avaliación na primeira avaliación.

Unha proba de avaliación na segunda avaliación.

Unha proba de avaliación na terceira avaliación.

Empregarase a seguinte ponderación para os exercicios ou probas de entrega e cualificación e para as probas de avaliación:

#### Ponderación de cualificación

- ¿ Probas de avaliación: 50%
- ¿ Caderno do alumno/a e traballos a entregar: 50%

#### Valorase e avaliarase:

- ¿ A realización das probas teóricas e prácticas na aula, en base os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación dos contidos que se realizará será mediante probas escritas teórico-prácticas.
- ¿ A orde no traballo, coidado do material, interese polo traballo, tempo de realización, normas de seguridade e saúde.
- ¿ As actitudes do alumnado respecto o traballo en grupo, orde, predisposición a estudo e traballo individual e en equipo.
- ¿ A calidade nos traballos.
- ¿ Acabar e entregar os traballos nos prazos establecidos.
- ¿ Realizar os traballos prácticos axustándose as condicións mínimas que se lle indican.
- ¿ Mostrar iniciativa e aportar solucións coherentes e válidas.
- ¿ Coidar o material e manter orde e limpeza no lugar de traballo.
- ¿ Seleccionar, organizar e manexar ben o material axeitado para o desenvolvemento do seu traballo.
- ¿ Ser capaz de traballar autonomamente, sen precisar instrucións concretas e constantes.
- ¿ Emprego axeitado dos útiles e instrumentos convencionais e con programas informáticos de deseño asistido por ordenador en 2D para a definición de solucións construtivas.
- ¿ Emprego axeitado dos programas informáticos para a elaboración de memorias, pregos de condicións, medicións, valoracións e orzamentos.
- ¿ Traballar ben en equipo, ser solidario, responsable e respetuoso.
- ¿ A aptitude positiva e de compañerismo.
- ¿ O esforzo en progresar e asumir compromisos.
- ¿ Aplicación correcta do sistema métrico decimal na solución dos casos precisos.
- ¿ Indicación e aplicación das unidades específicas de cada solución.

#### Avaliación continua

Realízase durante todo o curso. Os instrumentos que se empregaran serán:

#### Ficha de seguimento individualizada:

Escala de valoración de actitudes: Actitude ante o módulo, autonomía, interese, organización, orde, limpeza, traballo individual e en equipo, emprego axeitado do material da aula e propio.

Realización e cualificación dos traballos e exercicios realizados na clase e entregados no prazo establecido. Os exercicios, láminas, probas ou traballos, entregados fora do prazo establecidos, serán corrixidos pero non calificados.



Realización e cualificación das probas de avaliación.

As probas e traballos e exercicios serán predominantemente escritos.

Carpeta do alumno/a:

Empregase para avaliar tanto os resultados de aprendizaxe como a presentación, limpeza e organización. Deberá constar de tódalas as probas, láminas e exercicios obrigatorios propostos o longo de cada trimestre.

A ponderación da cualificación de cada un dos exercicios (teóricos ou prácticos) que compoñen as probas, láminas ou traballos será a seguinte:

Realización correcta dos exercicios: 80%

Presentación dos exercicios (normas de presentación de traballos, marxes, organización, claridade e limpeza): 20%

Avaliación final e sumativa

Constitúe a culminación do proceso de avaliación continua.

Realízase ao final de cada avaliación e ao final do módulo, decidindo o aprobado ou non, segundo o grao de aproveitamento do alumno/a.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para superar o módulo, o alumnado deberá ter aprobadas as tres avaliacións do curso.

Para recuperar aqueles aspectos que non foron acadados satisfactoriamente polo alumnado, plantéxanse actividades extras para compensar as carencias que sexan detectadas.

Dende ao remate da terceira avaliación e o exame final (período de recuperación) resolveranse dúbidas e corrixiranse os exercicios propostos de reforzo.

Contemplantase un exame extraordinario o final do curso, baseado nos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación non superados do módulo, para aquel alumnado que non supere a avaliación continua.

Alumnado de segundo co módulo pendente de primeiro

Para o alumnado que pase para 2º co módulo de 1º, unha vez revisado o informe individual do alumnado, na primeira semana de outubro, a docente propondralle o alumnado, exercicios basados na parte non superada, poderá resolverlle as dúbidas e corexir ditos exercicios.

O alumnado, co módulo suspenso poderá asistir as probas da primeira avaliación do módulo.

No mes de febreiro realizarase unha proba baseada nos contidos pendentes.

A proba será escrita e realizarase en unha sesión de tres horas na que desenvolverá un exeme teórico-práctico sobre os contidos, resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Según normativa vixente, pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, requirese a asistencia regular ás clases e ás demais actividades programadas para os módulos profesionais do ciclo formativo para a aplicación do proceso de avaliación continua.

O alumnado que falte un número de clases superior ao 10% perderá o dereito á avaliación continua.

Para avaliar a este alumnado empregaranse os mesmos criterios de avaliación e os mínimos esixibles que para o resto do alumnado. Para iso o alumno/a realizará un examen teórico-práctico, proba escrita, sobre os contidos das diferentes unidades didácticas, criterios de avaliación e resultados de aprendizaxe do módulo.

O examen extraordinario realizarase coincidindo co exame final do módulo, e as datas e horario serán publicadas no taboleiro de anuncios do centro, con antelación, a lo menos de 15 días.

A proba será escrita e realizarase en unha sesión de tres horas na que se desenvolverá un examen teórico-práctico sobre os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos do módulo.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Mensualmente e de acordo co proceso de mellora da calidade do centro, se informará nas reunións do equipo docente dos motivos polos que non se cumpra o previsto na programación así como as medidas a adoptar para a súa adecuación á mesma.

No caderno de aula (MD:75.AUL.01) se indicarán as actividades realizadas e especialmente as avaliacións (data e instrumento empregado).

O seguimento de avaliación docente se fará de acordo co proceso de actividades de aula, mediante a enquisa de satisfacción do labor docente (MD.82:CLI.=), de acordo co procedemento PR.75.AUL onde se indica a satisfacción por módulos o se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias nas reunións do equipo docente do grupo.

A actividade docente require unha reflexión permanente sobre as accións educativas e os resultados que producen. A avaliación supón a análise do proceso de ensinanza-aprendizaxe para así acadar a excelencia didáctica a través da mellora continua.

Ao final de cada unidade didáctica tomarase nota de varios aspectos: alumnos que precisen actividades de reforzo ou ampliación, interese amosado polo alumnado, uso dos recursos previstos, desaxustes na temporalización, etc.

Mensualmente, en reunión do equipo docente avaliarase a programación didáctica, mediante unha reflexión por parte do profesorado en base á consecución dos obxectivos previstos inicialmente: cumprimento das expectativas, dificultades atopadas, ratio de alumnos/as que superaron o módulo, porcentaxe de abandono, etc. Se non se cumprise a programación, adoptaranse as medidas oportunas para a adecuación da mesma.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O inicio do curso, realizarase unha proba tipo test con preguntas relacionadas cós contidos do módulo para determinar o nivel inicial de coñecementos.

Dos resultado da avaliación inicial se obtendrán os informes sobre as capacidades iniciais do alumnado e determinarán as posibles medidas de reforzo ou extraordinarias a aplicar.

O informe de esta avaliación inicial se levará á reunión do equipo docente para a súa análise.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na programación do módulo é preciso ter en conta que habitualmente non se trata de un grupo homoxénio de alumnos/as, senon que pode haber diferenzas en función da súa procedencia ou de outros condicionantes.

O profesorado terá en conta as necesidades educativas específicas do seu grupo, elaborando unha programación flexible e aberta, que favoreza os cambios que sexa preciso introducir. Nesta programación teñense en conta unha serie de medidas:

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda aos obxectivos programados

Actividades de reforzo:

-Creación de prácticas con actividades adecuadas a progresión da aprendizaxe.

-Explicacións e prácticas de reforzo individual.

-Diferentes actividades que atendan á diversidade na actitude e adquisición de coñecementos do alumnado.

Medidas ordinarias

Creación dun ambiente de traballo que favoreza o interese pola materia. Así o profesorado poderá observar e identificar a o alumnado que precise axuda e proporcionarlle o apoio máis conveniente en cada caso.

Os exercicios e solucións constructivas serán de dificultade crecente, definindo actividades de reforzo e de ampliación adaptadas ás motivacións e necesidades do alumnado.

Para o alumnado extranxeiro que descoñeza as linguas e culturas española ou galega, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, fomentárase a lectura de libros e catálogos de carácter técnico.

Co alumnado máis capacitado intelectualmente, para que as actividades non resulten desmotivadoras, será maior o grao de esixencia nos aspectos de deseño de contidos.

O alumnado con necesidades educativas especiais que padezan discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, graves trastornos de personalidade ou conducta, terán unha atención especializada de acordo cos principios de inclusión e normalización educativa. Teranse en conta os seguintes preceptos básicos:

Non tratar o alumnado de forma diferente os compañeiros.

Non pensar que unha discapacidade incapacita ao alumnado para este ciclo formativo.

Solicitar a adaptación da aula, segundo o caso: dificultades visuais, auditivas, motoras, etc.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Igualdade de oportunidades entre home e mulleres.

Igualdade de trato independentemente da raza o país de procedencia do alumnado.

Respectar o medio ambiente.

Fomentar unha convivencia en paz.

Participar activamente no grupo de traballo, contribuíndo ao bo desenvolvemento das relacións persoais, para fomentar o traballo en equipo.

Manter hábitos de orde, puntualidade, responsabilidade e pulcritude ao longo da actividade.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se contemplan

## 10. Outros apartados

### 10.1) Información programación

Nos primeiros días de clase, unha vez rematada a matrícula e con todo o alumnado na aula, a docente explicará esta programación e os criterios de cualificación.

Rexistrárase nun documento asinado polo alumnado.

### 10.2) Solicitude programación

O alumnado terá o longo do curso a súa disposición a programación na web do centro.

Se se fixeran modificacións informarase o alumnado e rexistrarse.

Facilitarase, en calquera momento, a información solicitada polo alumnado sobre a programación, que se rexistrará convintemente nun documento asinado polo alumno/a.

### 10.3) Situación COVID-19

Neste apartado por mor do COVID-19, se as autoridades competentes, indicasen a imposibilidade de realizar a educación presencial, realízanse as seguintes adaptacións na programación:

As actividades docentes continuarán de xeito telemático e as probas escritas, informáticas e/ou a presentación de traballos sobre os contidos da materia, entregaránse tamén de xeito telemático.

As ferramentas dixitais a utilizar son as proporcionadas tanto pola Consellería de Educación coma o propio centro educativo.

Estas ferramentas serán:

- A Aula virtual do CIFP FERROLTERRA. como medio principal de comunicación.
- Abalar.
- Webex. para realizar reunións virtuais.
- Tamén se poderá contactar tanto polo email facilitado como por teléfono se fora mester.

Os criterios de cualificación NON variarán, o único que cambiará será a docencia presencial pola non presencial.

Se a autoridade competente autorizase a asistencia as aulas volveríase as clases presenciais de xeito inmediato.